



DESEÑA UNHA CAMPAÑA EDUCATIVA DE SAÚDE PÚBLICA

Obxectivos

- Celebrar o Día do Lavado de Mans
- Estimular a creatividade e contribuír a desenvolver a capacidade de expresión plástica, fomentando a participación e a liberdade de expresión.
- Reforzar o coñecemento sobre os xermes que poden atoparse nas nosas mans e as enfermidades que provocan, na nosa contorna e en todo o mundo.
- Contribuír á campaña escolar GOTAS, polo Obxectivo de Desenvolvemento Sostible nº 6 (Auga, hixiene e saneamento)

Materiais necesarios

- Cartel “Búscase: Coronavirus”
- Presentación para a aula “Os xermes máis buscados”
- Material para producir carteis, xa sexa mediante técnicas tradicionais (pintura, colaxe...) como dixitais.

Que é unha campaña de saúde pública?

Unha parte importante da promoción da saúde é dar a coñecer á cidadanía información e recomendacións sobre enfermidades e hábitos saudables. Para iso, os gobernos e as institucións poñen en marcha campañas de comunicación que teñen como obxectivo que a poboación saiba como levar unha vida saudable, como protexerse fronte a enfermidades ou como actuar fronte a unha emerxencia médica. Unha campaña de saúde baséase nunha estratexia que, en función do obxectivo que se queira conseguir (por exemplo: “dar a coñecer a importancia do lavado de mans”) e o público ao que vai dirixida (p. exemplo: “mozos e mozas de 15 a 25 anos”), determina unhas mensaxes, unhas canles de difusión (radio, TV, RRSS...) e uns formatos de pezas de comunicación (entrevista, spot, cartel, folletos...) **A través desta actividade poderemos aprender como funcionan as campañas de saúde pública e que as fan eficaces.**

Desenvolvemento


Previamente utilizaremos o cartel “Búscase: Coronavirus” como elemento de información e recordatorio sobre as medidas fronte ao SARS-Cov-2 na aula e no centro. Pode colocarse desde o inicio de curso en aulas, corredores, baños e zonas de paso, así como compartirse en redes sociais e comunicacións do centro ás familias.

Fase 1: Documentación

Para poñer en marcha unha campaña de saúde, antes hai que recompilar a información dispoñible sobre o problema que queremos solucionar.

Podemos introducir o tema usando a presentación para a aula, nela preséntanse algúns dos patóxenos que poden atoparse nas nosas mans. A información que aparece nas diapositivas é básica e recoméndase afondar nos datos en función da madurez e coñecementos do grupo. Tras a presentación pode guiarse un coloquio sobre a importancia da hixiene e outras medidas de prevención para evitar as enfermidades producidas polos devanditos xermes. Algunhas preguntas para guiar o debate:

- Coñecemos estes microorganismos? Que sentimos ao coñecer a súa presenza?
- As medidas de prevención, parécennos sinxelas? Están ao alcance de todas as persoas da nosa contorna? E do mundo?
- Que impacto pode ter contraer unha destas enfermidades: Para as persoas? Para as súas familias? Para a sociedade?



Alias:
“O Coronavirus”

Familia:
Coronaviridae

Distribución:
Mundial


Descuberto en:
2019


SARS-CoV-2

- Causa a enfermidade coñecida como **COVID-19**.
- Pode ser mortal.
- As súas secuelas aínda non se coñecen ben.
- Está a investigarse unha vacina.

PREVENCIÓN

- ✓ Lavado de mans
- ✓ Distancia física (2 metros)
- ✓ Uso de máscaras
- ✓ Desinfección de superficies
- ✓ Illamento de casos
- ✓ Rastreo de contactos





- Algunhas destas enfermidades teñen secuelas a longo prazo: Entendemos o que significa ter secuelas dunha enfermidade de por vida? Que supón iso para unha persoa e a súa contorna? E para a sociedade?
- Para que as persoas poidan protexerse das enfermidades é necesario que as coñezan e que entendan como poden previr (hixiene, vacinas, comportamentos...) Como se che ocorre que se pode informar á xente? Que habería que facer para que todos os nenos, nenas e adolescentes viran cumprido o seu dereito á saúde e a recibir información sobre os temas de prevención e hixiene que son importantes para eles?

En función do grao de coñecementos e madurez do grupo, así como da súa implicación, pode ser interesante ampliar esta fase previa de investigación do problema, xa sexa con recollida de datos mediante enquisas, estudos de campo, observación de condutas, consulta de bibliografía... Canto máis afonden nesta fase, mellor preparados estarán para a seguinte e, ademais, pode ser unha boa oportunidade de empezar a coñecer algunhas técnicas de investigación en ciencias sociais.

Fase 2: Deseño da campaña

Unha segunda parte da actividade consiste na creación dun contido informativo sobre un dos patóxenos que vimos. Podemos utilizar como modelo o póster “Búscase”. Antes de empezar a deseñar hai que ter en conta algunhas cuestións:

- A quen vai dirixido? Como adaptamos a mensaxe a esas persoas?
- De que información dispoñemos? Necesitamos saber máis cousas para informar a outros?
- Que é o máis importante que debe saber a xente para protexerse deste patóxeno? Hai algunha información á que debemos dar prioridade?
- Que formato queremos empregar? Un cartel? Un folleto? Un GIF animado? Como podemos facer que a mensaxe sexa atractiva e que o noso público a entenda?
- Como o imos difundir? Como podemos facer que chegue a máis xente?

Unha aprendizaxe importante nesta fase é que as campañas non son eficaces por ser bonitas ou impactantes, se non polo grao no que se axustan aos obxectivos expostos na estratexia, a capacidade que teñen para chegar ao público e o modo no que contribúen a fomentar condutas positivas na cidadanía.

3ª Fase (opcional): Avaliación

En caso de que poñamos a campaña en marcha no noso centro, poderíamos realizar unha pequena avaliación, para medir o impacto da nosa campaña. Por exemplo: se medimos que, antes da campaña, unha determinada porcentaxe do alumnado non lavaba as mans despois da clase de educación física ou do recreo e queriamos cambiar esa conduta, podemos medir ese dato despois da campaña, para ver se houbo algunha mellora.

Avaliar as nosas accións permitiranos aprender mellor do proceso e mellorar para a próxima vez.

GOTAS POLA HIXIENE



#GotasUNICEF

Podemos utilizar as pezas que realicemos como parte da campaña do noso centro educativo a favor de #GotasUNICEF. A sensibilización sobre a importancia da auga, a hixiene e o saneamento é un elemento moi importante para lograr cumprir o obxectivo nº6 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Podes coñecer máis sobre
#GotasUNICEF e como participar desde
o teu centro educativo en
www.unicef.es/gal/educa/gotas

Taboa de aprendizaxes

COÑECEMENTOS

- Hábitos saudables para previr enfermidades.
- Saúde enfermidade.
- Microorganismos

ACTITUDES

- Estilo de vida saudable
- Interiorización das normas de hixiene
- Defensa do dereito á saúde en todo o mundo
- Uso da liberdade de expresión como medio para difundir e protexer outros dereitos.
- Traballo en equipo polo logro dun ben común.
- Empatía e solidariedade cara a situación doutras persoas.
- Responsabilidade individual e colectiva na protección da saúde e na prevención de epidemias e pragas.

COMPETENCIAS

- Realización de proxectos
- Utilización de fontes de información
- Traballo individual e en grupo
- Autonomía persoal
- Habilidades comunicativas e de presentación de información

Que temas de dereitos da infancia e cidadanía global abordamos nesta actividade?

- O dereito á saúde e a recibir coidados preventivos e educación sobre hixiene e saúde.
- O dereito á educación e o seu papel no desenvolvemento das máximas capacidades de cada neno ou nena.
- O dereito á participación, ao acceso a unha información axeitada e a buscar, recibir e difundir ideas e informacións sobre temas de todo tipo.
- O dereito ao desenvolvemento.
- Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, especialmente o 6º, sobre auga, hixiene e saneamento.

15-out
DÍA DO LAVADO
DE MANS